

A close-up photograph of a large pile of ripe cherries. The cherries are bright red with some dark purple at the base of the stem. They are densely packed, filling the frame. Some cherries have their thin, light-colored stems still attached. The lighting highlights the shiny surfaces of the cherries.

MELODÍA DE DÍAS USADOS / ANXOS SUMAI

BICHOCOS EN SAN PEDRO

Martes, 29. As cereixas berraban dende dentro da súa pel desapiadadamente vermella. Chamábannos a gritos para que as rescatasemos das cestas da frotería e as comésemos. Tiñamos sede as tres. E fame, pero menos. Mercámolas e ciscámolas no colo de Nancy sentadas á sombra dos soportais. Chus estaba pálida e tan guapa; Nancy ría cos ollos, como ri incluso cando está esgotada; eu, evaporada por culpa da calor, fixen unha illa de silencio entre o ruído dos turistas.

—Hoxe é día 29 —dixo Nancy e expandiuuse o seu entusiasmo, como se estoupase. Pásalle algunhas veces—. Hoxe é San Pedro, a festa da miña aldea. O día máis importante do ano na miña infancia. Estreabamos roupa nova, ¿sabedes?, e zapatos novos. A roupa e os zapatos que habíamos usar todo o verán. Era un día fermoso.

Si. Lembrei o San Pedro, a primeira de todas as festas do verán. E entón, sen pensalo, sentín un calafrío. Abrín a cereixa que estaba a punto de levar á boca e separei a carne da carabuña. Busquei e busquei e non atopei nada. Non fun capaz de comela.

—O día de San Pedro ás cereixas nácenllles bichocos dentro.

—¿Por que?

—Non sei. É unha desas cousas que che contan de pequena e non preguntas por que. Pasaron pola rúa, atrapadas no mesmo rebumbio de Carla e Siño ó sentaren onda nós, catro nenas con traxes azul celeste, cheos de lazos e encaixe.

—¿Vedes? —insistiu Nancy, sinalándoas— Hoxe é día de San Pedro.

Pero xa non puiden comer máis cereixas en toda a tarde.

